



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: EDUCACIÓN VOCAL

INTRODUCCIÓN

Dende fai xa moitos anos vense demostrando a necesidade de ter en conta que os profesionais da educación utilizan como ferramenta de traballo a súa voz, uns unicamente utilizan a voz falada, e outros como é o caso que nos interesa aquí, tanto a voz falada como a cantada. O mal uso así como o abuso na utilización do aparello fonador pode provocar unha serie de disfonías disfunciones susceptibles de derivar nun problema de saúde para o mestre. Este feito facía urxente a atención no currículo das ensinanzas de corte pedagóxico á educación vocal. Elo con varios fins:

- Que os futuros pedagogos aprendan a usar correctamente a súa voz na dobre faceta de voz falada e cantada favorecendo así a súa saúde vocal.
- Facilitar a obtención dunha capacitación básica para que os futuros pedagogos no ámbito musical poidan amosar ós seus alumnos o xeito de cantar e falar adecuadamente nas clases, favorecendo así a boa saúde vocal dos mesmos.
- Contribuir mediante a técnica vocal ó mellor desenvolvemento da precisión na afinación do son cantado.

Por todo esto esta materia tentará de dotar ó alumno dos coñecementos teórico-prácticos necesarios para desenvolverse no proceso natural da fonación. Deste modo se comezará por instruír ós alumnos no proceso respiratorio co fin de adquirir un adecuado control sobre a mesma e dotalo dunha ampla serie de exercicios útiles no seu futuro como docente. En segundo lugar, pasarase a traballar o aspecto da emisión do son, ligado ó primeiro, atendendo ó aparello resoador e a articulación do son. Finalmente, incidirase no coñecemento dun repertorio de cancións dentro dun nivel elemental. En todo momento perseguirase o bo coñecemento tanto da correcta postura corporal como dunha adecuada hixiene vocal, á vez que instruírse ós alumnos no proceso evolutivo das voces infantís.

OBJECTIVOS

1º CURSO

- *Coñecer a anatomía e o funcionamento dos aparellos respiratorio e emisor-resoador.*
- *Coñecer os principios elementais da técnica respiratoria na emisión do son falado e cantado.*
- *Coñecer os principios básicos implicados no correcto uso do corpo no acto fonador.*



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: EDUCACIÓN VOCAL

- *Tomar conciencia dos malos hábitos posturais e distinguir cando se consegue un correcto uso do corpo no acto fonador.*
- *Coñecer os principios esenciais do mecanismo da emisión correcta de son vocal.*
- *Coñecer as principais medidas de hixiene da voz.*

2º CURSO:

Ademáis de continuar a incidir nos obxetivos do primeiro curso, preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- *Coñecer as diferentes formas de emisión do son cantado. Comezar a distinguir as diversas calidades de son vocal.*
- *Adquirir e, progresivamente, dominar os coñecementos básicos da técnica respiratoria. Dominar o manexo correcto da musculatura costo-abdominal no acto inspiratorio. Mostrar unha comprensión básica do mecanismo do apoio na emisión do son falado e cantado.*
- *Acadar o control da respiración completa ou diafragmática.*
- *Comezar a distinguir cando se acada unha correcta fonación, en conexión coa columna de aire que transcurre natural e libre de cando polo contrario a fonación é forzada.*
- *Coñecer exercicios de vocalización básicos para o entrenamiento da voz.*

3º CURSO:

Ademáis de continuar a incidir nos obxetivos do segundo curso, preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- *Adquirir e, progresivamente, dominar os coñecementos básicos da técnica de emisión da voz.*
- *Acadar un control básico do mecanismo do apoio na emisión do son falado e cantado.*
- *Practicar exercicios para a estimulación dos resonadores faciales.*
- *Practicar exercicios de vocalización para o entrenamiento da voz.*
- *Executar obras vocales sinxelas atendendo os aspectos técnicos traballados no curso.*

CONTIDOS

Os contidos serán os mesmos para ambos cursos diferenciándose no grado de profundización nos mesmos.



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: EDUCACIÓN VOCAL

Técnica respiratoria: anatomía e fisioloxía do aparello respiratorio. Función e disfunción. Tipos de respiración. Exercicios de respiración.

Técnica corporal: Anatomía e fisioloxía do aparello vocal. Función e disfunción. Exercicios de relaxación e toma de conciencia corporal. Exercicios do fortalecemento e flexibilización da musculatura implicada. Autoobservación. Exercicios de sensibilización e adestramento dos articuladores fonatorios. Expresión corporal. Hixiene vocal.

Técnica da emisión: vocalizacións e técnica de emisión e proxección da voz. Adestramento vocal e auditivo.

METODOLOXÍA

Sustentada nos principios metodolóxicos suxeridos na normativa en vigor, levarase a cabo unha educación persoalizada, na medida do posible, de xeito que se poidan integrar as necesidades grupais e as individuais.

As clases dividíranse nunha parte teórica, na que mediante un proceso de aprendizaxe acumulativo íranse adquirindo os principios básicos da materia, e unha parte netamente práctica, na que mediante exercicios de carácter progresivo introducirase ó alumno na técnica da emisión do son falado e cantado.

RECURSOS

Necesitarase un aula de dimensións adecuada ó número de alumnos e dotada cunha pizarra, piano e pupitre para o alumnado, espello, equipo de imaxen e son e un atlas de anatomía: aparello fonador, sistema respiratorio e cráneo.

TEMPORALIZACIÓN

O horario de esta asignatura será dunha hora semanal impartida nunha única sesión e repartida entre os coñecementos teóricos e a parte práctica da materia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A asistencia as clases e a participación activa nas mesmas será unha condición indispensable para o logro e maduración dos coñecementos desta materia. O longo do curso avaliarase a participación activa e o traballo do alumnado no aula. Poderase optar pola realización de exames da materia dada ó final de cada cuatrimestre co fin de



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: EDUCACIÓN VOCAL

facilitar a avaliación máis concreta e verificable. Os exames poderán constar dos seguintes puntos:

- O desenvolvemento por escrito da parte teórica da materia.
- A execución de sinxelos exercicios feitos no transcurso do período lectivo.

A avaliación farase según os seguintes criterios:

1º CURSO

- Demostrar o coñecemento da respiración completa ou diafragmática. Preténdese avaliar o grao de dominio da respiración diafragmática por si mesma, fora do seu uso no acto fonador.
- Demostrar coñecemento e un control básico sobre a respiración e a postura. Preténdese avaliar a coordinación motriz tanto no acto inspiratorio como no espiratorio e o logro da regulación do esforzo muscular implicado no acto fonatorio falado e cantado.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento da voz e a utilización das suas posibilidades.
- Recoñecer as diferentes calidades do son vocal. Demóstrase así o coñecemento adquirido respecto as diferentes formas de emisión vocal.
- Demostrar coñecementos básicos da técnica de emisión correcta do son. Preténdese avaliar o logro dunha técnica vocal básica, libre de tensións innecesarias que permita unha emisión sana.

2º CURSO

- Demostrar control sobre o manexo correcto da musculatura costo-abdominal no acto inspiratorio. E demostrar unha comprensión básica do mecanismo do apoio na emisión do son falado e cantado. Preténdese avaliar o grado de coordinación motriz acadado no curso, tanto no acto inspiratorio como no espiratorio e o logro da regulación do esforzo muscular implicado no acto fonatorio falado e cantado.
- Demostrar coñecemento e un certo control sobre a respiración e a postura. Preténdese avaliar a coordinación motriz tanto no acto inspiratorio como no espiratorio e o logro da regulación do esforzo muscular implicado no acto fonatorio falado e cantado.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Avaliase o coñecemento das características e do funcionamento da voz e a utilización das suas posibilidades.



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: EDUCACIÓN VOCAL

- Demostrar o recoñecemento das diferentes calidades do son vocal. Demóstrase así o coñecemento adquirido respecto as diferentes formas de emisión vocal.
- Demostrar un certo grao de control da técnica de emisión correcta do son. Prétendese avaliar o logro dunha técnica vocal básica, libre de tensións innecesarias que permita unha emisión sana.

3º CURSO:

- Demostrar un coñecemento básico da técnica de emisión da voz. Preténdese avaliar o grao de coñecemento adquirido do uso do aparello fonador en canto ao grao de coordinación motriz necesaria entre os diferentes mecanismos implicados na fonación.
- Demostrar un control básico do mecanismo do apoio na emisión do son falado e cantado. Preténdese avaliar o grado de coordinación motriz acadado no curso, tanto no acto inspiratorio como no espiratorio e o logro da regulación do esforzo muscular implicado no acto fonatorio falado e cantado.
- Demostrar control sobre a respiración e a postura. Preténdese avaliar a coordinación motriz obtida ao longo do curso tanto no acto inspiratorio como no espiratorio e o logro da regulación do esforzo muscular implicado no acto fonatorio falado e cantado.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Avaliase o coñecemento das características e do funcionamento da voz e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar un certo grao de control da técnica de emisión correcta do son en obras vocales sinxelas Prétendese avaliar o logro dunha técnica vocal básica, libre de tensións innecesarias que permita unha emisión sana.

Sistema de cualificación.

Valorarase o progreso individual de cada alumno, tomando como referencia a súa situación inicial e o traballo semanal desenvolvido. Evaluarase en tres fases que se describen máis adiante.

Os aspectos a avaliar serán:

- Asistencia a clase.
- Participación activa durante o desenvolvemento das sesións: grado de interese e colaboración.
- Progresión en cada un dos exercicios vocais, atendendo sempre as características morfolóxicas e fisiolóxicas do alumno.
- Adquisicións de conceptos teóricos.
- Adquisición de hábitos de hixiene e saúde vocal.



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: EDUCACIÓN VOCAL

- Realización de traballos teóricos e/ou prácticos sobre os contidos tratados.

En liñas xerais, o sistema de calificación será o seguinte:

- O 40% da nota corresponderá á mellora no rendemento e consecución dos obxetivos preestablecidos.
- Un 20% da nota, á parte teórica da materia.
- Un 20% á participación individual, é dicir, á actitude positiva, afán de superación, grao de colaboración, adquisición de hábitos vocais saudables, etc.
- O 20% restante, á asistencia a clase.

Avaliación dos alumnos que pola falta de asistencia ás clases perdan o dereito á avaliación continua.

Aqueles alumnos que perdan o dereito a avaliación continua, poderán realizar unha avaliación final no mes de xuño, seguindo os criterios expostos máis arriba, dando especial valor á adquisición dos conceptos teóricos, así como á realización de traballos sobre temas puntuais relacionados cos contidos da materia. Deberán asimesmo, realizar unha serie de exercicios prácticos na mesma liña que os feitos nas clases (para elo poden preguntar ó profesor da materia), nos que amose o dominio das habilidades esixidas e expostas ó principio deste apartado. Serán avaliados, en resumo, mediante unha proba teórico-práctica sobre os contidos da programación.

Aqueles alumnos que, por algunha causa xustificada, quedaran exentos da parte práctica da materia, realizarán no seu lugar un traballo de revisión bibliográfica sobre os contidos da programación, ademais da proba teórica.

Exame de setembro.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño, serán avaliados mediante un exame de carácter teórico-práctico sobre os contidos da programación e seguindo os criterios da avaliación, expostos neste epígrafe, e mediante os instrumentos que se describen na presente programación.

Instrumentos de avaliación.

- A avaliación dos contidos prácticos da materia farase mediante a observación do alumno na execución dos exercicios practicados nas clases, tendo en conta a súa evolución amosada ó longo do curso, ou ben dos exercicios executados nas pertinentes probas explicadas máis arriba para os casos de perda de avaliación continua e os exames de setembro.



DEPARTAMENTO DE CANTO

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: EDUCACIÓN VOCAL

- A avaliación da asimilación dos conceptos teóricos farase mediante a realización dunha proba escrita.

Fases da avaliación.

Inicial: situación de partida. Realizaremos unha valoración do estado do alumno respecto ós contidos prácticos da materia (características somáticas, experiencia previa de actividades, intereses, motivacións, etc.) e, a partir delo, desenvolver, reaxustar ou modificar algún aspecto da nosa programación.

Formativa: Axustando o propio proceso de ensinanza-aprendizaxe, proporcionando axuda pedagóxica.

Sumativa: Determinando a consecución ou non dos obxectivos do proceso educativo.